

EXPTE.: 3/2016 – TERRA DE SANXENXO: “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”

Tramitado o expediente de contratación para a “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, e atopándose en fase previa á adxudicación do contrato.

Requirida a documentación á mercantil Vego Supermercados S.A.U, única plica presentada e admitida a optar a este contrato, de acordo ao disposto no informe de valoración emitido ao respecto pola traballadora Social, Dona Milagros Sanmartín Fraga o 9 de xuño de 2016, documentación sinalada na cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, e presentada o 11 de xullo de 2016, e con entrada nº 7406.

Vista a documentación, compróbase que a mesma reúne as condicións establecidas no prego administrativo.

En base ao anteriormente exposto, e previa fiscalización POSITIVA da Intervención Xeral de data 27 de xuño de 2016, **esta Presidencia, en uso das súas atribucións, Resolve:**

Primeiro: Adxudicar o contrato da “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, á mercantil “VEGO SUPERMERCADOS S.A.U”, que ofertou un **DESCONTO DO CINCO POR CENTO (5%) A APLICAR EN TODOS OS PRODUTOS QUE SE ADQUIRAN.**

Segundo: Debe procederse a formalización en documento administrativo do contrato respectivo dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da presente resolución de adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na cláusula 13ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro: O acordo de adxudicación notificarase ao licitador e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante, de acordo co sinalado na cláusula 12ª do prego que rexe este contrato.

Dada en Sanxenxo a trece de xullo de dous mil dezaseis.

O presidente de Terra

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario de Terra

Ángel Luís López Pita

